

Maré



plenario

Expectativas cumpridas

A Real Academia Galega elixe ao tudense Xosé María Álvarez Blázquez, un dos eternos candidatos, para adicarlle o Día das Letras Galegas do vindeiro ano 2008

MARÉ . SANTIAGO



Celso Emilio Ferreiro, pola esquerda, Camilo José Cela e Xosé María Álvarez Blázquez paseando polas rúas de Vigo nunha imaxe de 1958

O tudense Xosé María Álvarez Blázquez (Tui, 1915-Vigo, 1985) é o personaxe elixido polo plenario da Real Academia Galega (RAG) para dedicarlle o Día das Letras Galegas de 2008. Cumpríronse así as previsións xa que o nome de Álvarez Blázquez chegaba á reunión ordinaria da RAG como un dos principais favoritos a lembrar o 17 de maio do vindeiro ano.

Ademais, a RAG nomeou Académico de Honra o escritor británico John Rutherford, quen, hai tan só unha semana, recibía o Premio Trasalba en recoñecemento ao seu traballo de difusión da lingua e a cultura galega polo mundo. "Podemos consideralo na actualidade o representante máis destacado do hispanismo británico en relación coa nosa terra", destaca a RAG.

Xosé María Álvarez Blázquez naceu en Tui en 1915. Aínda que só publicou en vida tres poemarios: *Poemas de ti e de min* (1949), *Roseira do teu mencer* (1950) e *Canle segredo* (1976), está

Eu . gal

POR UN DOMINIO GALEGO

Canle Vivenda

Cultura

Deputación da Coruña

Medio Ambiente

Medio Rural

Noticario Dixital

Turismo

Vicepresidencia

Océano Internet

Descubrir

r.d.l.

Hoxe Venres

Bolboreta

Lecer

Universidade

CANLES

SUPLEMENTOS

- HOXE
- Última Hora
- Vivir Hoxe Galicia
- Vivir Hoxe Sociedade
- Política Galicia
- Política España
- Política Mundo
- Economía
- Deportes
- Maré
- En rede
- Comunicación
- A Contra
- Opinión
- CANLES
- Canle Vivenda
- Cultura
- Deputación da Coruña
- Medio Ambiente
- Noticario Dixital

A VIÑETA DO DÍA: idiomas na rede
POR: H.M.



- [Turismo](#)
- [Vicepresidencia](#)
- **SERVIZOS**
- [Tarifas](#)
- [Tempo](#)
- [Sorteos](#)
- [Webcam](#)
- **SUPLEMENTOS**
- [Altermundo](#)
- [Bolboreta](#)
- [Descubrir](#)
- [Hoxe Venres](#)
- [Lecer](#)
- [Océano Internet](#)
- [Revista das Letras](#)
- [Universidade](#)

A_FONTANELA	CULTURA.rede	Día das Letras	Cataluña e Galicia
-----------------------------	------------------------------	--------------------------------	------------------------------------

considerado unha das personalidades máis queridas e admiradas do exilio interior que se adicou á investigación, á edición ou a poesía en plena posguerra franquista. Álvarez Blázquez pertence a unha familia vencellada á cultura galega como os poetas Emilio Álvarez Blázquez, Álvarez Limeeses, Celso Álvarez Caccamo e Xosé María Álvarez Caccamo, os pintores Berta Caccamo e Darío Álvarez Basso, a museísta Carlota Álvarez Basso ou o novelista Alfonso Álvarez Caccamo.

Dende a RAG destácase o poemario *Roseira do teu mence*, "un libro profundamente conmovedor, pois ninguén ten cantado tan altamente na nosa lingua a emoción da paternidade". Mentres que de *Canle segredo* se resalta como unha obra "grave, sabia e fonda" do que Ferrín chegou a dicir que se se publicara no tempo no que foi escrito sería o sinal dun cambio de rumbo da poesía galega naquela época.

A súa obra narrativa en galego é de menor importancia debido á súa extrema brevidade. Perdidos os relatos de *Os Ruínas* que Ánxel Casal ía publicar en 1936, só se conservan os cinco contos de *A pega rabilonga*, de feitío clásico.

Exemplo do que se coñecía como polígrafo, Álvarez Blázquez investigou sobre historia, arqueoloxía ou literatura. Académico numerario da RAG, institución na que ingresou cun discurso sobre Cantares e romances vellos prosificados, realizou importantes achegas sobre literatura popular e culta, arqueoloxía, historia, etnografía e pronunciou numerosas conferencias e discursos como o primeiro do que hai noticias, pronunciado en Tui no 1934 e publicado pola Federación de Mocidades Galeguistas: "Berro en lembranza dos herois de Carral".

O seu espírito militante transmitiuse ao seu derradeiro libro impreso en vida, "doloroso por tratar de quen fora o seu xefe político, amigo persoal e mesmo curmán por matrimonio" -destácase dende a RAG-, *Alexandre Bóveda. Apunte biográfico* de 1983.

Un editor valente e de éxito en plena posguerra franquista

Cofundador de Edicións Monterrey con Luís Viñas en 1950, amparou o nacemento da Nova Narrativa Galega ao publicar os libros fundacionais de Rodríguez Mourullo. A partir de 1967, creou e dirixiu Edicións Castrelos, na que publicou a colección "O Moucho, de libros do pobo pra o pobo" que conseguiu un notable éxito no público lector.

Tamén popularizou a obra de Rosalía de Castro, Curros e Pondal, entón reducida a pequenas minorías e que se vendeu con moito éxito na Colección Pombal. E tampouco non se esquecían dos seus contemporáneos tales como Celso Emilio Ferreiro, Xosé Neira Vilas, Méndez Ferrín, Xohana Torres ou Manuel María.

DATOS

Pereiro e Carvalho Calero, adiados

Ao imporse Álvarez Blázquez nas votacións que onte se desenvolveron na RAG, quedan pendentes outros nomes relevantes da cultura galega como Lois Pereiro ou Ricardo Carvalho Calero, que

este ano contaban con certas posibilidades de ser elixidos. Álvarez Blázquez pasou así de eterno candidato a un dos nomes que serán homenaxeados o 17 de maio como María Mariño, este ano, e Lorenzo Varela e Lugo Freire, nas últimas convocatorias.

comentarios

Escribe o teu comentario

Alias

Chave

Para escribir os teus comentarios nas noticias, precisas ser usuario rexistrado. De non selo [rexístrate agora](#)

Título

Comentario

www.galicia-hoxe.com eliminará os comentarios considerados ofensivos ou que vulneren a legalidade.



Ante calquera dúbida, problema ou comentario nas páxinas de Galicia Hoxe envíe un e-mail a info@galicia-hoxe.com.

[Titularidade e política de privacidade](#)

© 2006 www.galicia-hoxe.com

Tódolos dereitos reservados. Prohibida a reprodución total ou parcial do contido sen a expresa autorización do propietario.

Auditado por



www

